

EDILIM BÁSICO


Elaboración de “libros” con Edilim

1- A- Creamos unha carpeta que podemos chamar Edilim.

Nela teremos a última versión de que dispoñamos do programa Edilim, e o visor de películas flash.


É conveniente ter unha carpeta, que podemos chamar “almacén de recursos”, na que iremos gardando as imaxes e sons que queiramos empregar ó elaborar os nosos libros.

B- Para empezar a traballar facemos clic dúas veces na icona correspondente ó programa Edilim, “lim”. Abrirásenos unha pantalla como a que aparece na imaxe 2.



Imaxe 1

2- Facemos clic en “novo” e e abrirásenos unha pantalla como a da imaxe 3, correspondente a Propiedades.



Imaxe 2


3- Nesta pantalla debemos facer dúas cousas:

A: Facer clic na carpeta que ten a frecha verde e buscar e seleccionar a carpeta “Almacen de recursos”, para que o programa saiba a onde ten que ir buscar as imaxes e sons que queiramos empregar. Cando teñamos seleccionada esta carpeta, aparecerá unha lista do seu contido no recado da esquerda, dentro dos epígrafes imaxe, sons ou animacións, segundo corresponda. O programa encárgase de clasificar o contido do almacén de recursos.

B: Escribir o nome que se lle queira dar ó libro.

Opcionalmente poden facerse máis cousas.

Facemos clic en “Páxinas”, que está situado na cabeceira da figura 3, e ábrenos unha pantalla como a da imaxe 4.



Imaxe 3

4- Nesta pantalla escollemos o tipo de páxina que queremos elaborar, (neste caso e como exemplo faremos unha páxina de clasificar textos) facendo clic sobre ela. Abrirásenos unha páxina como a da imaxe 5.




Imaxe 4

5- A- No recadro da barra superior escribimos o título da páxina. Neste exemplo escolleremos ROMÁNICO e GÓTICO. No recadro correspondente á caixa 1, escribimos o nome dunha das categorías de clasificación, "ROMÁNICO", e no recadro da caixa 2, o nome da outra categoría de clasificación, "GÓTICO".


B- Arrastramos dende o almacén de recursos a imaxe románico1.jpg para a caixa 1 e arrastramos a imaxe gotico1.jpg para a caixa 2. (Podíamos optar por deixar as caixas baleiras. Se optamos por colocar imaxes, temos que situalas previamente no almacén de recursos)

C- Escribimos os textos que queremos clasificar (que non poden ser moi longos) e marcamos un punto negro á dereita ou esquerda indicándolle ó programa a que categoría pertence o texto, para que despois el poda verificar a resposta do alumno.


Despois de facer todo isto quedaranos como indica a imaxe 5b.

D- Se queremos que o noso libro teña unha páxina máis facemos clic na icona  que aparece na barra final da imaxe 5b.

Abrirásenos novamente a pantalla que aparecía na imaxe 4, e escollemos o tipo de páxina que queremos elaborar. Neste novo exemplo imos escoller unha páxina do tipo "etiquetas". Ó facer clic sobre etiquetas abrirásenos unha pantalla como a da imaxe 6.



Imaxe 5



Imaxe 5b

6- A- Na barra superior poñemos o título, "CIDADES DE GALICIA" e na inferior algunha indicación, como podería ser: "Arrastra a etiqueta ó lugar que corresponda"


B- Do almacén de recursos arrastramos a imaxe "Galicia.jpg" para o recadro central.

C- Nas etiquetas escribimos o nome das cidades que nos interesen.

D- Arrastramos os botóns verdes á posición da imaxe que lles corresponde, de acordo co que indican as etiquetas.

E- No recadro inferior dereito escollemos a modalidade. Neste caso "Arrastrar etiquetas"


Lograremos unha páxina como a que aparece na imaxe 6b.



Imaxe 6

7- A- Cando acabemos de elaborar todas as páxinas das que queremos conste o libro facemos clic en "Gardar", situado na parte superior da imaxe. Abrirásenos unha ventana na que nos pide o nome co que queremos designar o arquivo que conterà o noso libro. É conveniente darlle un nome semellante ou igual ó que lle demos na páxina de propiedades, punto 3-B. No nome do arquivo deben evitarse o espazo en branco e caracteres especiais, pois algúns programas son incapaces de interpretalos.

B- Cando teñamos gardado o noso libro en formato lim, facemos clic en "Exportar" situada na barra superior. Abrirásenos unha pantalla como a da imaxe 7.



Imaxe 7

A misión desta pantalla é crear unha páxina web para poder ver e traballar co noso libro co programa Internet Explorer, Mozilla Firefox, ou calquera outro programa dos que nos permiten navegar por Internet.


C- Directorio de destino indícanos o directorio onde se vai gardar a páxina Web. Por defecto gardámola na carpeta na que empezamos a traballar.

D- Na caixa directorio de recursos debemos escribir "Recursos". Ó facer isto o programa crea unha carpeta na que garda todos os recursos, (imaxes, sons, vídeos) provenientes do almacén de recursos, que empregamos para elaborar o noso libro. Se non facemos isto eses recursos aparecerán dispersos pola carpeta na que empezamos a traballar e pode quedar moi liada.

E- Na caixa "Nome do libro" aparécenos automaticamente o nome que eliximos antes.

F- Facemos clic no recadro que precede ás siglas HTML. Abrirásenos dúas caixas nas que se nos indica o tamaño que terán as páxinas na pantalla do ordenador. Escribiremos 100% X 100% e así o tamaño das páxinas axustarase automaticamente á pantalla do ordenador.

G- Marcamos empaquetar, desta maneira crearase un arquivo comprimido no que irán: a páxina web que creamos,




Imaxe 6b

os recursos que necesita, e o visor.

Este arquivo comprimido será cómodo para subir á plataforma Moodle todos estes elementos dunha vez.

H- Facemos clic en "publicar" e todo o dito nos puntos anteriores farase efectivo cando na parte superior da páxina apareza a indicación "operación finalizada"

Se facemos clic en "vista previa" podemos comprobar o resultado do noso traballo.



Imaxe 7b

Por motivos de organización debemos crear unha carpeta co nome do libro, na que gardaremos o arquivo lim, o arquivo web (HTML), o visor e os recursos.